

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020064	Carlos Oroza	Pontevedra	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT03	Guía, información e asistencia turísticas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0386	Procesos de guía e asistencia turística	2018/2019	5	105	105

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	Mª ARGENTINA OTERO SANTIAGO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este/a profesional exerce a súa actividade no sector turístico, entendido éste no seu sentido máis amplo, o que inclúe calquera tipo de eventos, terminais de viaxeiros e/ou empresas de transporte, ademais das áreas turísticas tradicionais, como destinos e puntos de información, entre outros. Ademais, está capacitado/a para a creación e a implantación de plans e actividades de desenvolvemento locais, en relación co mesmo sector, así como deseño e planificación de produtos turísticos.

Trátase de persoal traballador por conta allea ou por conta propia, incluíndo a posibilidade de ocupar postos na Administración ou en entes de características similares (consorcios, concellos, padroados, etc.). Sen esquecer Centros de Investigación e Divulgación do Patrimonio Natural, Cultural e/ou Ambiental (Museos, Centros de visitantes, axencias de desenvolvemento, parques/entornos naturais de fauna ou flora, etc.)

A competencia xeral deste título consiste en planificar, promocionar e poñer en valor destinos turísticos de base territorial, informar sobre eles, e guiar e prestar asistencia a persoas viaxeiras e a clientes nestes destinos, así como en terminais, en medios de transporte, en eventos e noutros destinos turísticos tanto de xeografía galega, do estado español ou estranxeiro nas linguas galega, español, inglés ou francés e sempre dun xeito adaptado e accesible segundo as capacidades e características do usuario/cliente.

A presente programación do módulo de Procesos de Guía de Turismo está fundamentada no propósito de adaptar os contidos teórico-prácticos desenvolvidos no currículo do Título de Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turísticas, establecido polo Decreto 167/2010, do 23 de setembro, publicado no DOG do 11 de outubro de 2010, determinado polo Real decreto 1255/2009, do 24 de xullo, e a realidade do contorno laboral do noso centro, tendo presente o que este contorno espera e esixe daquelas persoas que pretenden incorporarse ao mesmo.

A programación non é un texto definitivo e irreversible, ben ao contrario, pretende constituírse nun fío conductor do proceso de ensinanza-aprendizaxe que non só pode, senón que tamén debe adaptarse á realidade cambiante da contorna e aos resultados das distintas avaliacións do devandito proceso. Neste senso, ao longo do curso, poderán definirse axustes e reaxustes a esta programación en función do grao de consecución dos obxetivos xerais e específicos que se amosan nos seguintes apartados.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Deontoloxía profesional e normativas vixentes: quenes somos os informadores e/ou guías de turismo e que é o que facemos no sector?	Introducir os conceptos, clasificación e características do exercicio da actividade de informador turístico segundo as normativas vixentes: Galicia, Estado Español, Europa e no resto do mundo	22	20
2	Interpretación turística e medios interpretativos para un turismo adaptado, accesible e universal: como imos facer o noso traballo de xeito exitoso?	Coñecementos, destrezas, actitudes e medios para ofrecer unha información temática, organizada, relevante e amena ao visitante -Especial atención ao turismo accesible	15	15
3	Deseño, planificación e metodoloxía das viaxes, dos itinerarios turísticos, actividades opcionais e outros servizos incluídos nos viaxes combinadas. En que condicións e etapas ou fases facemos o noso traballo?	Descrición das diferentes tipoloxías de itinerarios e/ou visitas. Peuliaridades a ter en conta e metodoloxías para a planificación e deseño destes itinerarios e/ou visitas.	22	20
4	As viaxes pola xeografía galega, española e/ou estranxeira: Toda a normativa que regula os desprazamentos de viaxeiros: Estado español, Europa e no resto do mundo. Que normas e normativas debemos ter en conta para traballar como guía?	Coñecemento das diferentes normativas que regulan os desprazamentos dos viaxeiros: Sanitarias, legais, de transporte, seguros de viaxe, equipaxe, elementos perigosos ou prohibido.	21	15
5	Actividades, tarefas e responsabilidades na asistencia e tamén na animación turística : Documentación relativa as viaxes/visitas, Resolución de conflitos. Con que medios podemos atopar nas viaxes e visitas e como teño que actuar correctamente?	Coñecemento, control e dominio tanto da documentación coma das responsabilidades derivadas das viaxes, itinerarios e/ou visitas turísticas -Recursos e técnicas de habilidades comunicativas para o desenvolvemento das tarefas de: informador turístico, guía de turismo, animador ou dinamizador turístico. -Técnicas ante situacións imprevistas e/ou de conflito que se producen nas viaxes, estancias e/ou visitas turísticas	25	30

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Deontoloxía profesional e normativas vixentes: quenes somos os informadores e/ou guías de turismo e que é o que facemos no sector?	22

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os servizos de asistencia e guía, e analiza os procesos derivados destas actividades.	NO
RA2 - Deseña itinerarios, visitas e outros servizos, analiza a información e aplica a metodoloxía de cada proceso tendo en conta os tipos de guías.	NO
RA3 - Describe os requisitos inherentes aos desprazamentos de viaxeiros, e analiza a normativa aplicable.	NO
RA4 - Aplica e analiza as técnicas de comunicación e de dinamización, en relación cos tipos de grupos.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os principios éticos e deontolóxicos da profesión.
CA1.2 Descríbense as modalidades e os perfís profesionais da actividade de asistencia e guía de grupos turísticos.
CA1.3 Recoñécense os tipos de servizos e caracterízanse as funcións que se desenvolven en cada un.
CA1.5 Interpretáronse as disposicións legais que afecten a actividade de asistencia e guía.
CA1.6 Identifícanse as principais asociacións e os colexios profesionais, así como as súas funcións.
CA2.1 Identifícanse os compoñentes da oferta turística dun ámbito territorial e temporal determinado.
CA3.7 Utilizáronse diversas fontes para a obtención de información de utilidade a viaxeiros.
CA4.1 Analizáronse as fases no proceso de comunicación do guía con grupos de visitantes, e prevíronse as dificultades propias no devandito proceso.

4.1.e) Contidos

Contidos
Deontoloxía profesional.
Figuras profesionais: caracterización de cada unha.
Servizos de asistencia e guía. Funcións do guía en cada caso.
Regulación da actividade profesional.
Normativa europea, estatal e autonómica.
Regulación do acceso á condición de guía.
Asociacións e colexios profesionais.
Responsabilidades contractuais.



Contidos

Aplicacións informáticas e dispositivos electrónicos.

Fontes de información de utilidade para o viaxeiro.

Grupos turísticos: caracterización.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Interpretación turística e medios interpretativos para un turismo adaptado, accesible e universal: como imos facer o noso traballo de xeito exitoso?	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña itinerarios, visitas e outros servizos, analiza a información e aplica a metodoloxía de cada proceso tendo en conta os tipos de guías.	NO
RA3 - Describe os requisitos inherentes aos desprazamentos de viaxeiros, e analiza a normativa aplicable.	NO
RA4 - Aplica e analiza as técnicas de comunicación e de dinamización, en relación cos tipos de grupos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os compoñentes da oferta turística dun ámbito territorial e temporal determinado.
CA2.3 Xustificouse a viabilidade comercial, técnica e, de ser o caso, ambiental do itinerario, da ruta ou da visita deseñada.
CA2.4 Identifícaronse as posibles dificultades para persoas con discapacidade ou necesidades específicas.
CA2.5 Caracterizáronse e seleccionáronse as estratexias adecuadas para adaptar a información ao perfil da persoa usuaria.
CA3.4 Identifícaronse e describíronse os posibles riscos para a seguridade e a saúde da poboación viaxeira en determinados destinos, así como os trámites sanitarios esixidos en cada caso.
CA4.1 Analizáronse as fases no proceso de comunicación do guía con grupos de visitantes, e prevíronse as dificultades propias no devandito proceso.
CA4.2 Describíronse e aplicáronse técnicas de habilidades sociais e de comunicación non verbal propias da actividade de asistencia e guía de grupos.
CA4.3 Expresouse oralmente, de xeito directo ou con outros medios de amplificación, con ton, ritmo, volume de voz e expresión xestual adecuados á situación.
CA4.4 Identifícaronse e aplicáronse na práctica os principais elementos das técnicas narrativas e de interpretación patrimonial.
CA4.5 Describíronse os comportamentos que se poden achar en grupos de viaxeiros e identifícaronse os problemas de relación que presentan.

4.2.e) Contidos

Contidos
Deseño e programación dos tipos de servizos: metodoloxía, fases e análise de viabilidade.
Cartografía impresa e dixital: mapas e planos.
Accesibilidade nos recursos turísticos.
Información adaptada a distintos perfís de usuarios e servizos.
Aplicacións informáticas e dispositivos electrónicos.
Habilidades sociais e técnicas de comunicación específicas para a actividade de asistencia, acompañamento e guía de grupos turísticos.
Técnicas narrativas aplicables nos procesos de comunicación do guía de turismo: guión, forma e expectativas formais, personaxes e acción, tempos narrativos, punto de vista, etc.
Metodoloxía para a interpretación de recursos culturais e naturais: principios e aplicacións.



Contidos

Grupos turísticos: caracterización.

Dirección e liderado de grupos: concepto, enfoques e aplicación.

Técnicas de dinamización de grupos en diferentes ámbitos e segmentos.

Programas de animación e actividades lúdico-recreativas en ruta.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Deseño, planificación e metodoloxía das viaxes, dos itinerarios turísticos, actividades opcionais e outros servizos incluídos nos viaxes combinadas. En que condicións e etapas ou fases facemos o noso traballo?	22

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os servizos de asistencia e guía, e analiza os procesos derivados destas actividades.	NO
RA2 - Deseña itinerarios, visitas e outros servizos, analiza a información e aplica a metodoloxía de cada proceso tendo en conta os tipos de guías.	NO
RA4 - Aplica e analiza as técnicas de comunicación e de dinamización, en relación cos tipos de grupos.	NO
RA6 - Controla procedementos de entradas e saídas de viaxeiros en terminais de transporte caracterizando os protocolos de actuación.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Caracterizáronse e relacionáronse os aspectos de calidade e atención á clientela nos servizos de asistencia e guía.
CA2.1 Identifícanse os compoñentes da oferta turística dun ámbito territorial e temporal determinado.
CA2.2 Deseñáronse itinerarios, rutas e visitas a recursos turísticos caracterizando as fases e os métodos asociados a cada tipo de servizo, e utilizando cartografía impresa e dixital, así como as fontes documentais adecuadas, tendo en conta os criterios da plan
CA2.3 Xustificouse a viabilidade comercial, técnica e, de ser o caso, ambiental do itinerario, da ruta ou da visita deseñada.
CA2.4 Identifícanse as posibles dificultades para persoas con discapacidade ou necesidades específicas.
CA2.7 Seguíronse os protocolos establecidos para a xestión da documentación relativos ao rexistro, á emisión e ao arquivo, utilizando medios informáticos.
CA4.2 Descríbense e aplicáronse técnicas de habilidades sociais e de comunicación non verbal propias da actividade de asistencia e guía de grupos.
CA4.3 Expresouse oralmente, de xeito directo ou con outros medios de amplificación, con ton, ritmo, volume de voz e expresión xestual adecuados á situación.
CA4.4 Identifícanse e aplicáronse na práctica os principais elementos das técnicas narrativas e de interpretación patrimonial.
CA4.5 Descríbense os comportamentos que se poden achar en grupos de viaxeiros e identifícanse os problemas de relación que presentan.
CA4.6 Identifícanse e aplicáronse as técnicas de dinámica de grupo, motivación e liderado aplicables á asistencia e á guía de grupos turísticos en diferentes ámbitos de traballo e con diversos tipos de grupos.
CA6.1 Descríbense e caracterizáronse as tipoloxías de terminais de transporte de viaxeiros.
CA6.2 Descríbense as instalacións, o persoal e o funcionamento básico das terminais de transporte de viaxeiros.
CA6.3 Descríbiuse o contido dun plan de seguridade en terminais de transporte de viaxeiros.
CA6.4 Enumeráronse e definíronse as operacións e os trámites que deben efectuar os viaxeiros nas terminais de saída e chegada, segundo o medio de transporte.
CA6.5 Caracterizáronse os procedementos de facturación, embarque e recollida de equipaxes tendo en conta as características específicas das mercadorías e de cada terminal.
CA6.6 Analizáronse os dereitos e as obrigas dos viaxeiros nos medios de transporte, así como os das empresas transportistas.
CA6.7 Descríbense e caracterizáronse os procesos nos puntos de información turística e atención á clientela nas terminais de transporte de viaxeiros.



Criterios de avaliación
CA6.8 Descríbironse e caracterizáronse os servizos de reserva, venda e emisión de títulos de transporte en diferentes medios, usando as aplicacións informáticas específicas.
CA6.9 Identificáronse as actividades complementarias que o guía pode realizar no ámbito das terminais de transporte de viaxeiros.
CA6.10 Tivéronse en conta os aspectos relacionados coa atención á clientela e a xestión da calidade.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Calidade do servizo de asistencia e guía.</p> <p>Figuras profesionais: caracterización de cada unha.</p> <p>Servizos de asistencia e guía. Funcións do guía en cada caso.</p> <p>Deseño e programación dos tipos de servizos: metodoloxía, fases e análise de viabilidade.</p> <p>Cartografía impresa e dixital: mapas e planos.</p> <p>Información adaptada a distintos perfís de usuarios e servizos.</p> <p>Intermediación do guía con outras entidades e profesionais do sector.</p> <p>Fontes documentais no deseño de itinerarios e visitas.</p> <p>Aplicacións informáticas e dispositivos electrónicos.</p> <p>Grupos turísticos: caracterización.</p> <p>Terminais e medios de transporte: características, instalacións, organización e funcionamento básico. Plan de seguridade.</p> <p>Dereitos e obrigas de viaxeiros e transportistas.</p> <p>Procedemento de facturación. Normas de seguridade e documentación. Mercadorías perigosas e animais vivos.</p> <p>Procedemento de embarque.</p> <p>Recollida de equipaxes.</p> <p>Protocolos de actuación en caso de incidencias.</p> <p>Reserva, venda e emisión de títulos en terminais de transporte.</p> <p>Outras operacións en terminais de transporte: Información turística. Información da compañía. Asistencia a colectivos con necesidades específicas: pasaxeiros con mobilidade reducida, situacións de dependencia e menores non acompañados. Tratamento de incidencias.</p> <p>Aplicacións informáticas.</p>



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	As viaxes pola xeografía galega, española e/ou estranxeira: Toda a normativa que regula os desprazamentos de viaxeiros: Estado español, Europa e no resto do mundo. Que normas e normativas debemos ter en conta para traballar como guía?	21

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os servizos de asistencia e guía, e analiza os procesos derivados destas actividades.	NO
RA3 - Describe os requisitos inherentes aos desprazamentos de viaxeiros, e analiza a normativa aplicable.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Interpretáronse as disposicións legais que afecten a actividade de asistencia e guía.
CA3.1 Identificouse e interpretoouse a normativa sobre movemento de viaxeiros en fronteiras e alfándegas.
CA3.2 Identificáronse as principais divisas e caracterizouse a operativa do troco e o movemento de divisas.
CA3.3 Descríbense as funcións e os servizos que prestan os consulados e as embaixadas.
CA3.4 Identificáronse e describíronse os posibles riscos para a seguridade e a saúde da poboación viaxeira en determinados destinos, así como os trámites sanitarios esixidos en cada caso.
CA3.5 Identificáronse e describíronse as prestacións dos seguros de viaxes, as cláusulas das pólizas e as exclusións, así como o procedemento en caso de continxencias.
CA3.6 Recoñecéronse as diferenzas relixiosas e culturais, así como outras consideracións que cumpra ter en conta en determinados destinos.
CA3.7 Utilizáronse diversas fontes para a obtención de información de utilidade a viaxeiros.

4.4.e) Contidos

Contidos
Regulación da actividade profesional.
Normativa europea, estatal e autonómica.
Aplicacións informáticas e dispositivos electrónicos.
Viaxeiros, viaxeiros en tránsito, fronteiras e alfándegas.
Aspectos legais e documentación.
Moeda e divisa: normativa internacional e comunitaria sobre cambio e movemento de moeda.
Consulados e embaixadas: funcións e servizos.
Saúde e seguridade nas viaxes.
Riscos sanitarios e doutra índole. Vacinación profiláctica. Seguros de viaxes.
Actitudes do viaxeiro en determinados destinos ante a relixión, a cultura e as tradicións.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Actividades, tarefas e responsabilidades na asistencia e tamén na animación turística : Documentación relativa as viaxes/visitas, Resolución de conflitos. Con que me podo atopar nas viaxes e visitas e como teño que actuar correctamente?	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os servizos de asistencia e guía, e analiza os procesos derivados destas actividades.	NO
RA2 - Deseña itinerarios, visitas e outros servizos, analiza a información e aplica a metodoloxía de cada proceso tendo en conta os tipos de guías.	NO
RA3 - Describe os requisitos inherentes aos desprazamentos de viaxeiros, e analiza a normativa aplicable.	NO
RA4 - Aplica e analiza as técnicas de comunicación e de dinamización, en relación cos tipos de grupos.	NO
RA5 - Desenvolve as actividades de asistencia e guía, e identifica as fases e os procedementos en cada caso.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Caracterizáronse e relacionáronse os aspectos de calidade e atención á clientela nos servizos de asistencia e guía.
CA2.4 Identificáronse as posibles dificultades para persoas con discapacidade ou necesidades específicas.
CA2.5 Caracterizáronse e seleccionáronse as estratexias adecuadas para adaptar a información ao perfil da persoa usuaria.
CA2.6 Caracterizouse a intermediación habitual do guía con prestatarios dos recursos e servizos turísticos e outros guías.
CA2.7 Seguíronse os protocolos establecidos para a xestión da documentación relativos ao rexistro, á emisión e ao arquivo, utilizando medios informáticos.
CA3.6 Recoñecéronse as diferenzas relixiosas e culturais, así como outras consideracións que cumpra ter en conta en determinados destinos.
CA3.7 Utilizáronse diversas fontes para a obtención de información de utilidade a viaxeiros.
CA4.6 Identificáronse e aplicáronse as técnicas de dinámica de grupo, motivación e liderado aplicables á asistencia e á guía de grupos turísticos en diferentes ámbitos de traballo e con diversos tipos de grupos.
CA4.7 Planificáronse programas e actividades de animación e lúdico-recreativas dependendo do servizo e das características do grupo.
CA5.1 Comprobáronse as condicións dos recursos que cumpra utilizar (días de apertura, horarios, etc.), a dispoñibilidade do transporte e calquera outra información salientable para o desenvolvemento da viaxe, a ruta, o itinerario ou a visita.
CA5.2 Comprobouse a documentación de viaxe que lles achegan as axencias organizadoras ao guía e aos prestatarios dos servizos, tanto en soporte impreso como en dispositivos electrónicos.
CA5.3 Elaborouse un esquema operativo ou documento de xestión diario do itinerario que relacione os parámetros espazo-temporais do desprazamento coas exposicións e as actividades de xestión do guía.
CA5.4 Anticipáronse posibilidades de cambios por imprevistos na viaxe, na ruta, no itinerario ou nos diversos tipos de servizos.
CA5.5 Utilizouse cartografía impresa e dixital, así como sistemas de posicionamento e navegación por satélite, no desenvolvemento dos itinerarios.
CA5.6 Desenvolvéronse as exposicións adaptando a mensaxe en función do tipo de cliente e utilizando as técnicas adecuadas de comunicación, de interpretación patrimonial e de narrativa.
CA5.7 Elaborouse e ofreceuse un programa de visitas facultativas aplicando técnicas de venda.
CA5.8 Tivéronse en conta as condicións de accesibilidade e as barreiras arquitectónicas para persoas con necesidades específicas.



Criterios de avaliación
CA5.9 Descríbense e caracterízanse os procesos de servizos a grupos en establecementos de aloxamento e de restauración: entradas e saídas, xestión de equipaxes, servizos de restauración, mostradores de recepción e información (hospitality desks), chamadas,
CA5.10 Descríbense as características do transporte discrecional de pasaxeiros por estrada, do tráfico rodado e do aparcamento de autobuses en cidades turísticas.
CA5.11 Desenvolvense as relacións interprofesionais prestando especial atención ás relacións entre guías locais, e guías e acompañantes.
CA5.12 Aplícanse as técnicas para a autoavaliación da práctica profesional.
CA5.13 Tívense en conta os aspectos relacionados coa atención á clientela, a seguridade e a xestión da calidade.
CA5.14 Realízase a factura tendo en conta as tarifas vixentes.
CA5.15 Aplícanse técnicas para a xestión de situacións de tensión, resolución de conflitos individuais ou de grupo e de imprevistos.
CA5.16 Realízase un informe de continxencias da viaxe ou do itinerario.
CA5.17 Realízase un informe de avaliación dos prestatarios de servizos: transportistas, aloxamento e restauración, guías, etc.
CA5.18 Realízase a liquidación económica de gastos e ingresos xerados na viaxe ou no itinerario coa axencia organizadora.

4.5.e) Contidos

Contidos
Calidade do servizo de asistencia e guía.
Servizos de asistencia e guía. Funcións do guía en cada caso.
Accesibilidade nos recursos turísticos.
Intermediación do guía con outras entidades e profesionais do sector.
Responsabilidades contractuais.
Aplicacións informáticas e dispositivos electrónicos.
Viaxeiros, viaxeiros en tránsito, fronteiras e alfándegas.
Aspectos legais e documentación.
Moeda e divisa: normativa internacional e comunitaria sobre cambio e movemento de moeda.
Consulados e embaixadas: funcións e servizos.
Saúde e seguridade nas viaxes.
Riscos sanitarios e doutra índole. Vacinación profiláctica. Seguros de viaxes.
Actitudes do viaxeiro en determinados destinos ante a relixión, a cultura e as tradicións.
Comunicación no servizo de asistencia e guía: fases.
Procesos de servizos de asistencia e guía en tránsito, visitas a recursos culturais e naturais, excursións, circuitos, rutas, itinerarios, etc.
Técnicas de xestión do imprevisto.
Excursións facultativas e técnicas de venda.
Tarefas do guía na posviaxe: informes de continxencias do itinerario ou da viaxe; informes de avaliación dos prestatarios de servizos; liquidación de gastos e ingresos de viaxes e itinerarios.



Contidos

Documentación asociada aos servizos de asistencia e guía: fichas de recursos, listaxes de asignación de habitacións (rooming-lists), bonos e expedientes, cadros de chegadas e saídas, cadros de provedores, follas de liquidación, etc.

Esquemas operativos e documentos de xestión diaria do itinerario.

Sistemas de posicionamento xeográfico e de navegación por satélite.

Procedementos de desenvolvemento do servizo. Fases e técnicas. Xestións previas, presentación, desenvolvemento e despedida.

Prestación de servizos a grupos turísticos en establecementos de aloxamento e de restauración.

Transporte discrecional de pasaxeiros por estrada: características; follas de ruta e tacógrafo; tempos de conducción.

Peculiaridades do tráfico rodado e do aparcamento en cidades turísticas: restricións e taxas.

Enquisas e autoavaliación: tipos e aplicacións.

Protocolos de actuación en caso de incidencias.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR A AVALIACIÓN POSITIVA E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Son os imprescindibles para acadar a avaliación positiva en canto a resultado de aprendizaxe do alumno:

- . O alumnado amosa progresión e mellora continua nas súas destrezas e habilidades teórico - prácticas na comprensión, expresión, razoamento e actitude profesional e persoal correcta.
- . O alumnado desenvolve as tarefas encomendadas dun xeito autónomo, organizado e responsable.
- . O alumnado amosa unha actitude respetuosa, activa e participativa favorecendo o proceso de ensinanza e aprendizaxe tanto na aula como nas ACF.
- . O alumnado terá que saber deseñar e confeccionar tarifas de prezos e/ou gastos aplicables á realización da actividade profesional da información turística para o ano en curso. Tanto tarifas se servicios soltos coma tarifas confidenciais para axencias de viaxes, ou outros colectivos de grupos especiais. Tanto para guías oficiais coma correos de turismo, transferistas, auxiliares e outros servizos.
- . O alumnado elaborará presupostos de servizos de información turística e facturas para cotizar os diferentes servizos prestados coma informadores turísticos, con desglose do I.R.P.F., I.V.E., gastos e/ou outros conceptos.
- . O alumnado aplicará datos reais e actuais coma modelos para realizar procesos de confirmación dos diferentes servizos da información turística polos diferentes medios actuais de comunicación (mail, whatsapp, telefónico).
- . Mediante gravacións de voz e/ou videos, exposicións/simulacións orais na clase e exercicios prácticos en utocar e/ou a pé de monumento, dos recursos turísticos e con visitantes especialmente seleccionados pola profesora, o alumnado amosará as diferentes habilidades e/ou destrezas comunicativas, narrativas, descritivas, interpretativas, organizativas e de capacidade de síntese ante diferentes postas en escea referidas a casos e/ou situacións concretas do desenvolvemento da actividade profesional da información turística pola xeografía galega, do estado español e/ou territorio internacional.
- . O alumnado amosará destreza, coñecemento e correcto dominio no uso do material básico e complementario de información tanto manual (mapas, planos, guías) coma informático (catálogos, programas, páxina web) ou técnico (radioguías, microfons) no desenvolvemento dos exercicios e simulacións prácticos desenvolvidos na clase, nos desprazamentos en ruta ou nas visitas especialmente guiadas.
- . O alumnado realizará dun xeito completo e correcto o proceso de exercicios de solicitude de información e/ou confirmación de servizos turísticos con empresas reais utilizando os diferentes medios de comunicación dispoñibles no centro para realizar ou confeccionar exercicios antes citados coma itinerarios e/ou visitas concretas: teléfono, correo ordinario, e-mail.
- . Mediante exposicións e/ou exercicios orais e utilizando coma soporte de apoio o cañón de video, a T.V., punteiro láser, mapas, micrófono, radioguías ou calquera outro material ou ferramenta dispoñible na aula o alumnado fará un correcto uso destas ferramentas de comunicación no



exercicio da información turística de destinos e/ou recursos turísticos.

. O alumnado coñecerá e aplicará correctamente a normativa vixente en materia de transporte de viaxeiros tanto an xeografía española coma europea ou internacional.

. O alumnado amosará coñecemento e dominio da técnica e procesos na materia de deseño e confección de itinerarios turísticos á oferta e/ou a demanda de variada duración e combinando diversos servizos turísticos segundo a normativa da U.E

. O alumnado deseñará itinerarios e percorridos a pé e/ou diferentes medios de transporte, axeitadamente tanto polo interior coma no exterior dos recursos turísticos de variada índole e sempre de xeito accesible, adaptado e seguro, atendendo as características dos visitantes e da zona/recurso.

. O alumnado deseñará, cotizará, presentará, cobrará e resolverá diferentes actividades opcionais ou facultativas en casos concretos de viaxes e/ou estancias. Seguindo as diferentes fases, forma oral e con formato escrito.

. O alumnado deseñará e confeccionará ofertas de circuitos, viaxes, rutas e/ou itinerarios pola xeografía galega, do estado español e polo estranxeiro. Creando e manexando correctamente toda a documentación mínima para a execución do produto: listados, bonos, esquemas, plans de ruta, itinerarios, reservas e programas.

. O alumnado saberá utilizar, cubrir e manexar as pólizas de seguros en caso de percances, imprevistos e/ou necesidade nas viaxese/ou visitas, así como aplicará os procedementos traballados na aula de axuda e apoio precisos en cada caso.

. O alumnado saberá, deseñar, confeccionar, utilizar e valorar os diferentes instrumentos e sistemas de xestión para o control da calidade dos diferentes servizos turísticos en ruta e/ou destino.

. O alumnado confeccionará e manexará correctamente os diferentes documentros de control da contabilidade durante a viaxe e para a liquidación económica da mesma.

. Mediante simulación de situacións-conflicto na aula e/ou nas actividades fora da aula, o alumnado amosará o recoñecemento da problemática e aplicará as axeitadas formas de resposta aplicando un estilo asertivo e reducindo a curva de hostilidade ante situacións de conflito, así como de queixas ou reclamacións.

. O alumnado amosará as diferentes destrezas comunicativas e/ou organizativas en vivo e a pé de monumento nas diferentes actividades complementarias a formación que pola xeografía galega ou española se van desenvolver co manexo de micro/audioguías e no autocar...

. O alumnado saberá propoñer medidas e métodos para sensibilizar as persoas e visitantes e previr conflitos na relación entre turismo e o entorno, aplicando sempre os conceptos de turismo sostible.

. O alumnado coñece e aplica as técnicas e instrumentos que permiten analizar a potencialidade interpretativa dos recursos ou espazos turísticos do patrimonio mediante exercicios teórico prácticos orais e escritos.

. O alumnado identificará e aplicará claramente todas as fases dunha axeitada planificación interpretativa para unha visita e/ou actividade especialmente guía segundo o nivel de actuación e funcións das fases traballadas na aula.

. O alumnado será quen de propoñer e deseñar medios e/ou material de apoio na interpretación do patrimonio táctiles ou sensoriais coma



carteis, sinais ou medios audiovisuais, utilizando o material e medios disponibles no centro.

. Amosará control e destreza no uso dos diferentes medios de comunicación: megafonía, radioguías, no autocar, interior, exterior.

. O nivel de expresión oral e escrita, la claridad y propiedad de sus expresiones, a ortografía, la caligrafía, la composición de frases son as axeitadas para un profesional do turismo..

OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS AVALIACIÓNS ORDINARIAS

A avaliación, entendida como método de verificación, a través da recollida e tratamento de datos, sobre a marcha do proceso de ensinanza-aprendizaxe, será de utilidade para descubrir as dificultades de aprendizaxe do alumno, e para prever estratexias para a súa superación, ademais de posibles modificacións na programación.

No proceso de avaliación continua do alumno recibirá unha calificación por cada un dos trimestres do curso que será a media ponderada das calificacións obtidas das probas, actividades, exercicios e/ou exames orais e/ou escritos.

Son 5 Unidades Didácticas e cada unidade terá unha cualificación entre 1 e 10. A cualificación vai saír da avaliación da aprendizaxe do alumnado mediante os seguintes instrumentos co seu respectivo peso na nota final:

- Un 30% Avaliación dos coñecementos mediante probas escritas teórico-prácticas: cuestionarios, exercicios prácticos, resolución de supostos prácticos, comentario de noticias ou casos concretos, exames ou test. Para cada proba daranse as indicacións do contido e puntuación de cada exercicio.
- Un 70 % Avaliación das capacidades, destrezas e habilidades: Traballos individuais ou en grupo de investigación, análise, resúmenes, elaboración de material técnico, simulacións e /ou desenvolvemento de contidos que poderán ser orais e/ou escritos. Tamén se aplicarán taboas de cotexo e a taboas de indicadores para os exercicios de comentario ou desenvolvemento.
 - Simulacións tipo role playing.
 - Exercicios de visitas guiadas.
 - Programas de visitas e/ou viaxes, desprazamentos por espazos interiores, exteriores, a pé ou utilizando medios de transporte.
 - Gravacións de video ou voz.
 - Deseño e ou manexo de materiais, novas tecnoloxías, materiais de apoio, documentación e software específicos (mapas, planos, esquemas, taboas)
 - Manexo de equipos e maquinaria específica (micros, radioguías, audioguía, punteiro laser...)
 - Aplicación das habilidades comunicativas e/ou destrezas narrativas, descritivas e de capacidade de síntese.
 - Realización do caderno de aula mediante exercicios/tarefas/responsabilidades concretos e específicos (formato dixital reda de aula)
 - Deseño de material complementario para as viaxes, visitas, actividades.
 - Traballos de consolidación, ampliación, complementarios, voluntarios: notas de prensa, proposta de temas para debates, reforzo para traballar de xeito voluntario cos compañeiros que o precisan.
 - Observación e correcta aplicación das regras e normativas establecidas polo departamento na taboa de cotexo adxunta, así como nos protocolos e/ou códigos deontolóxicos no exercicio da profesión da hostalaría e turismo, e que teñen en conta aspectos como: o grao de participación, integración tanto na aula como nas actividades e exercicios complementarios dentro e fora do centro, e nivel de madurez así como actitude positiva, e sobre todo progresión positiva no proceso de aprendizaxe.



A ter en conta:

- Cada unha das probas/exámes/exercicios establecidos para cada un dos 2 trimestres cualificarase cunha puntuación individual baseada no peso específico a acadar nos contidos mínimos esixidos na programación que se corresponden cos obxectivos da proba.
- Para acadar unha avaliación positiva do trimestre o alumno deberá ter presentado e feito como mínimo o 80% do total de probas, exámes e/ou traballos.
- O resultado final da nota será a suma das notas individuais de cada un dos exercicios, probas, exámes, tendo en conta o peso específico de cada un dos 2 apartados: Probas escritas 30% e exercicios prácticos 70%
- Os/as alumnos/as deben amosar que superan o coñecemento dos contidos mínimos para aprobar o módulo correspondente, alcanzando para iso, como mínimo, a cualificación de 5, por baixo da cal, non poderán considerarse preparados no mesmo.
- De non ter aprobadas todas as avaliacións, o alumnado deberá recuperar aquelas avaliacións que estean suspensas, tendo en conta que, se posúen unha soa avaliación non apta, soamente farán exame e probas da mesma, pero se teñen as dúas suspensas, están obrigados a facer recuperación de toda a materia do módulo.
- As probas escritas por regra xeral, serán de preguntas a desenvolver ou cuestións curtas de respostas concretas, podendo ser tipo test, ou plantexamento de exercicios prácticos, cando a materia o requira, ou ben traballos de investigación ou búsqueda e tratamento da información, ou proxectos a presentar de xeito escrito.
- En ningún caso serán avaliados traballos entregados fora de prazo a excepción de acreditar unha causa xustificada, nin lecturas literais de textos en caso de probas orais, ou traballos ou contidos plaxiados.
- Faranse traballos complementarios, no seu caso, e cualificaranse segundo acaden amosar o coñecemento dos contidos mínimos, tendo en conta a importancia e complexidade da materia, extensión, formulación e presentación dos mesmos, cunha puntuación, así como a daqueles exercicios que se desenvolvan en clase, será acumulada á nota das probas que se realicen; é preciso observar que, é requisito imprescindible presentar os anteditos traballos na data sinalada e condicións e sistema de entrega establecidos pola profesora.
- Debe mencionarse que determinados traballos/probas realizados de xeito oral na aula, pola súa importancia, teñen a consideración de exames, aínda que poidan ser individuais, por parellas ou en grupo sempre se avalian de xeito individual, xa que cada alumno asumirá unha parte específica e concreta do exercicio en grupo e así o reflectirá no resultado final do exercicio.
- Para a avaliación e cualificación dos exercicios orais, a profesora acreditará dita nota mediante a entrega a cada alumno de xeito individual dun cuadro de varemación cunha escala de varemación que mide o grao de consecución dos obxectivos, seguindo os criterios de cualificación establecidos para cada exercicio/proba que o alumnado coñecerá de antemán.
- En algúns casos que a profesora considere oportuno o alumno será gravado mentres desenvolve o exercicio práctico oral, gravación que será tida en conta para facer as correccións correspondentes por parte da profesora.
- Non se realizarán recuperacións parciais por trimestre das partes dos contidos mínimos non acadados ata o período establecido no calendario escolar para a fase de recuperacións. Pero se poderá asignar aos alumnos que así o precisen e acepten por porposta da profesora exercicios de reforzo durante todo o curso, en caso de que o alumno precise mellorar contidos da programación concretos.



- Os alumnos que non superen a proba de recuperación de calquera das avaliacións en período ordinario, deben examinarse de toda a materia, no seu caso, nas probas extraordinarias ao efecto.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

- Os/as alumnos/as deben amosar que superan o coñecemento dos contidos mínimos para aprobar o módulo correspondente, alcanzando para iso, como mínimo, a cualificación de 5, por baixo da cal, non poderán considerarse preparados no mesmo e terá que presentarse a proba de recuperación.
- A profesora poderá realizar máis dunha proba escrita e/ou oral, simulacións ou cuestionarios baseados nos contidos mínimos esixidos, que terá unha duración de 3 horas para ser desenvolvido polo alumno e que estará establecido en dúas partes unha escrita e outra de exposición oral, deste xeito serán avaliados os coñecementos teórico prácticos de xeito individual ao alumnado.
- Si o alumnado non superase dito exáme estará suspenso, aplicándose o disposto no proxecto curricular sobre criterios de promoción do alumnado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O ALUMNADO CON PERDA DE DEREITO DE AVALIACIÓN CONTINUA

Poderá seguir asistindo a clase e realizar os exercicios e tarefas pero non será avaliado ata as datas establecidas para a proba final extraordinaria que vai consistir nun exáme teórico-práctico oral e escrito baseado nos contidos mínimos esixibles establecidos nesta programación e dividido nun mínimo de 5 supostos ou apartados para desenvolver os coñecementos, destrezas, habilidades e contidos traballados na aula e nas actividades complementarias e extraescolares realizadas durante o curso académico.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

DIDÁCTICA E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

Será obrigatorio para cada alumno posuir un caderno de clase/lápis para formato informático onde se consignen as distintas actividades realizadas, unidades desenvolvidas, exercicios e probas realizados que deberán ter sempre a disposición da profesora que fará un seguimento semanal.

Nunha carpeta localizada na rede informática da aula estarán sempre os contidos das unidades didácticas do módulo, e o alumno/a abrirá unha carpeta individual cos exercicios e probas que a profesora estime oportunas solicitarlle, co traballo realizado por cada alumno e as correccións e valoracións feitas pola profesora unha vez corrixido cada traballo/exercicio.

A profesora entregará persoalmente a cada alumno/a un cadro/rúbrica coas correccións e coa valoración do resultado por cada exercicio oral así como as recomendacións de mellora naqueles exercicios que se realizan de xeito oral e/ou práctico coma as simulacións de exercicios ou tarefas concretas, tanto si se fan na aula coma fora do centro.

A profesora manterá comunicación directa e persoal na aula e via mail con cada un dos alumnos de xeito individual, incluso si que trata de correccións de traballos de grupo, cada integrante do grupo deberá facer o seguimento do traballo de xeito individual, ningún dos alumnos será o interlocutor, cada un é responsable das tarefas asignadas pola profesora aínda que o traballo sexa grupal.

Tamén faremos uso dun instrumento imprescindible de xestión de calidade, baseado nun cuestionario que de xeito anónimo respostará o alumnado de xeito individual ao remate de cada unidade didáctica, valorando o proceso ensinanza aprendizaxe é dicir o proceso formativo, procesos, métodos e comportamento da profesora e do contido e aproveitamento de cada unidade didáctica.

O caderno da profesora de seguimento da programación estará ao día e será consensuado en datas e actividades ACF co resto de docentes que imparten no ciclo, e coa titora, a través das reunións de ciclo, especialmente coas profesoras que imparten os módulos de contidos máis técnicos, sen esquecer a lingua francesa, co obxectivo de planificar e organizar os contidos para un maior rendemento e aproveitamento do curso, xa que algúns dos contidos aparecen de xeito solapados con outros módulos no curriculum do ciclo, motivo polo cal algúns dos exercicios de maior peso na cualificación de cada unha das dúas avaliacións vanse desenvolver de xeito coordinado co desenvolvemento do módulo DPT, para así darlle unha visión máis real e práctica aos contidos traballados na aula.

Desenvolveremos exercicios prácticos xunto con alumnado de outros grupos e ciclos de xeito coordinado co profesorado que imparte neses grupos, especialmente con 1º CS Guías e 1º e 2º CS Xestión de Aloxamentos.

Desenvolveremos exercicios prácticos de colaboración con colectivos de entidades sin ánimo de lucro, tanto dentro coma fora do centro e en algúns casos serán usuarios con diversidade funcional como ONCE, Juan XXIII, centros de formación...

8. Medidas de atención á diversidade



8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O procedemento da avaliación inicial farase ao inicio do curso, unha vez remate o prazo de matrícula do alumnado e vaise desenvolver mediante un exercicio práctico e individual baseado nas técnicas de guía, así como tamén se va facer exercicios de presentación inicial oral para cada Unidade de Traballo do módulo e farase a través de actividades de ensinanza-aprendizaxe:

- Actividades e/ou exercicios de introducción-motivación, que teñen a finalidade de introducir o alumnado no contido concreto
- Actividades e/ou exercicios de coñecemento previo, orientadas a coñecer o dominio coñecemento, as ideas, opinións e intereses do alumnado sobre os contidos a desenvolver
- Actividades e/ou exercicios de repaso dos contidos técnicos traballados no primeiro curso do ciclo

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Educación e atención á diversidade

- Ao inicio do curso na avaliación inicial imos avaliar e analizar a cada alumno co obxectivo de coñecer e determinar a situación da que parte e o nivel de capacidades, e poder determinar así o apoio que podemos prestarlle durante o curso. Esta avaliación vai ser mediante exercicios prácticos orais e cuestionarios sobre aspectos xerais relacionados cos contidos do módulo: habilidade comunicativa, coñecementos xerais, experiencia en viaxes e visitas guiadas...
- Ao inicio de cada unidade didáctica tamén se vai intentar detectar os coñecementos previos do grupo mediante preguntas abertas e/ou debates, deste xeito promovemos o proceso didáctico que ve vai adecuar a diversidade que hai no grupo e detectaremos as necesidades de reforzo específicas ou individuais.
- As medidas para o alumnado que non responde globalmente aos obxectivos programados, imos poñer en práctica as adaptacións e medidas necesarias na metodoloxía didáctica a hora de presentar contidos e actividades, tarefas ou exercicios, para así adaptar as diferentes capacidades e graos de coñecemento.
- Tamén imos aplicar flexibilización de agrupamentos na aula e actividades baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxeneos entre o alumnado, determinando sempre as responsabilidades de cada compoñente do grupo para así facer un traballo en equipo pero avaliar de xeito individual a cada alumno polo seu esforzo, traballo e resultado tendo en conta a súas capacidades e resultado do seu trabalo.
- En canto as medidas de reforzo para o alumnado que se detecta con carencias na aprendizaxe, a metodoloxía vai ser desñera traballos guiados pola profesora, onde as TICs van ser de moita utilidade xa que o uso do ordenador, ou gravacións de voz... sempre favorece unha aprendizaxe activa.
- O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, neste caso imos traballar en equipo coa titora e demais profesoras do ciclo seguindo as pautas que nos facilitan dende Xefatura de Estudos e sobre todo Orientación Profesional, sempre tendo en conta que as medidas extraordinarias que supoñan unha alteración significativa dos elementos que intergran o curriculum non teñen lugar na formación profesional.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Sen perxuízo dos temas transversais xerais, pretendo dar especial importancia aos seguintes:

Vanse integrar os temas transversais no trabalo diario de aula e fora da aula, nas actividades complementarias a formación, así como os recursos didácticos que integren estes contidos, xa que imos colaborar con asociacións e entidades sin ánimo de lucro de colectivos especiais coma ONCE ou Juan XXIII.

- Educación para o consumo: sensibilizar ao alumnado no consumo responsable e nos efectos individuais e sociais do consumo creando unha conciencia crítica, así como nos dereitos do consumidor.
- Reutilización e reciclado dos recursos, sobre todo na elaboración de material interpretativo e de apoio.
- Educación para o medio natural: sensibilizar ao alumnado nas boas prácticas no contexto do turismo (aforro enerxético, re-ciclaxe do material funxible) sustentabilidade, dándolles a coñecer os problemas ambientais consecuencia do NON respecto pola natureza.
- Educación multicultural: espertar o interese por coñecer e respetar outras culturas diferentes ás propias e por desenvolver actitudes de respecto, valoración e colaboración con outras ideoloxías, costumes ou relixións.
- Educación para a convivencia: potenciar o traballo en equipo para fomentar o compañerismo entre o alumnado do ciclo e doutros ciclos e ou sectores cos ue imos colaborar.
- Educación para a igualdade de xénero: a maior presenza de alumnado de xénero feminino no ciclo fai que este tipo de educación sexa moi importante no reparto non discriminatorio tanto das tarefas de aula e/ou traballo.
- Educación para a saúde: a seguridade e hixiene no traballo e no ámbito do turismo serán elementos a ter en conta tanto na aula coma fora dela nas actividades complementarias e extraescolares.
- Educación para as dificultades de accesibilidade: tendo en conta que o turismo accesible é un dos contidos a tratar no módulo cun peso moi importante debido a que temos en marcha un proxecto de TURISMO ADAPTADO E INTEGRADO. E DECIR UNIVERSAL.
- Educación para a paz e a tolerancia: aproveitaremos o repaso histórico para incidir nas nefastas consecuencias que a humanidade viviu por mor da intolerancia e guerras entre civilizacións.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS A FORMACIÓN

Serán actividades planificadas sempre co obxectivo de mellorar os coñecementos do alumnado e poderán desenvolverse tanto no centro coma fora que nalgúns casos serán planificadas e desenvolvidas de xeito coordinado con outros módulos do mesmo ciclo e/ou doutros ciclos. Vanse desenvolver durante os 2 trimestres, é dicir tamén durante o período da FCT, se a interese e aproveitamento da actividade así o require.



A planificación, deseño e posta en marcha das actividades vai ser parte dos exercicios prácticos que integran os contidos mínimos do módulo dos que o alumnado vai se avaliado, desta forma a actitude e aproveitamento do alumnado de cada unha destas actividades vai ser tido en conta no proceso de avaliación individual de cada alumno/a mediante unha taboa de observación.

Algunhas das actividades que son desenvolvidas polo alumnado van ter como público alumnado e/ou profesorado de outros centros de formación e/ou asociacións sen ánimo de lucro, cos que colabora o CIFP Carlos Oroza: ONCE, Cangro, Juan XXIII, outros centros de formación.

A proposta de actividades:

. Asistencia a eventos de carácter cultural ou técnico e profesional, sempre relacionados directamente cos recursos turísticos galegos ou do estado español: congresos, charlas, xornadas, exposicións, feiras. Poderán ser de día completo ou de media xornada. O obxectivo é que o alumnado teña a oportunidade de coñecer de primeira man estes mecanismos de ampliación de coñecementos técnicos.

. Visitas in situ a recursos, servizos e/ou entidades moitas incluídas na proposta de empresas para o desenvolvemento da Formación nos Centros de Traballo. Poderán ser de día completo ou de media xornada. O obxectivo é que coñezan diferentes e variados recursos turísticos galegos da man de expertos e profesionais do sector.

. Visitas guiadas a cascos históricos, museos, exposicións e/ou recursos de recoñecido valor histórico artístico (Patrimonio da Humanidade) ou natural (Parques Naturais, Nacionais, Rutas), acompañados e guiados por profesionais e expertos coñecedores dese patrimonio. Poderán ser de día completo ou media xornada. O obxectivo non so coñecer eses recurso in situ, senon ampliar os datos relativos os seus valores, así coma asistir a visitas guiadas por profesionais da comunicación turística. O longo das dúas avaliacións.

. Charlas, conferencias e clases especiais a cargo de profesionais do sector tanto público coma privado: Inspección de turismo, informadores turísticos, técnicos en turismo, arqueólogos, historiadores. O obxectivo é aprofundar nos coñecementos técnicos dos máis importantes recursos e aspectos profesionais no sector do turismo e o patrimonio.

. Unha viaxe de varios días cun itinerario orientado a coñecer in situ aqueles recursos turísticos de gran valor pero que pola distancia xeográfica requiren pernoctación. O obxectivo é poñer en práctica moitas das habilidades e coñecementos adquiridos durante o curso, xa que o alumnado no desenvolvemento do módulo e coma exercicios prácticos, diseña, organiza e pon en marcha a actividade: itinerario, reservas, documentación, servizos, visitas e tarefas de guía. No segundo trimestre

. Exercicios prácticos orais de avaliación realizados in situ, é dicir a pé de monumento nas saídas que ao longo do curso imos facer a recursos turísticos de diferente tipoloxía e con temáticas variadas sobre todo nos variados Proxectos de Innovación educativa premiados en cursos pasados.

. Posta en escena de visitas guiadas, comentadas, tematizadas, teatralizadas, interactuadas...no casco histórico de Pontevedra ou no interior de algún dos recursos turísticos da xeografía galega.

. Colaboracións a través de: visitas guiadas, talleres prácticos e interpretativos, especialmente deseñados para colectivos e entidades sempre públicos e sen ánimo de lucro: ONCE, Xoan XXIII, centros de formación, e outros.

. Simulacións e exercicios prácticos de colaboración con alumnado de outros ciclos do instituto, incluso de outros centros formativos, co obxectivo de interactuar con eles no exercicio das tarefas que debe desenvolver un informador turístico nos aloxamentos, restaurantes e outras empresas do sector do turismo



- . Visita a portos de pasaxe e/ou aeroportos coincidindo cunha escala de cruceiro, co obxectivo de coñecer de primeira man o protocolo de actuación de receptivo e atención da pasaxe e actividades opcionais en destino
- . Visita a Centros de Interpretación y/ou puntos de atención a visitantes de interese pola estrutura e medios informativos e/ou interpretativos con que contan
- . Actividades de colaboración con actos, eventos que xurdan durante o curso tanto no CIFP coma de colaboración con outras entidades sen ánimo de lucro, en linguas galega, española e/ou as linguas estranxeiras que estudia o alumnado no ciclo

10. Outros apartados

10.1) Planificación de exercicios prácticos con outros módulos , curso e ciclos

A primeira toma de contacto co alumnado vai ser presentar a programación do módulo, explicar de xeito pormenorizado e ordenado ao alumnado toda a información referente a composición do módulo e ao sistema de aprendizaxe, avaliación e cualificación. Deixamoslles uns días para que consulten e revisen a programación tras os cales o alumnado asinará un documento que confirme que teñen clara a información facilitada de xeito escrito e presentada de xeito oral na aula e dólles un resumo para o alumnado da programación na rede da aula nunha carpeta do módulo PG. o alumnado tamén pode acceder ao total da programación a través da intranet do centro na pestaña para acceso do alumnado ás programacións.

Contido da presentación oral:

- Os obxectivos tanto xerais coma específicos do módulo de Procesos de Guía, organizados por cada un dos 2 trimestres.
- Os contidos teórico prácticos que se van traballar tanto na aula como nas Actividades Complementarias a Formación que se van desenvolver durante o curso, dentro e fora da aula e do centro.
- Os métodos didácticos que se van empregar durante o curso: apuntamentos, presentación dos contidos, resposta de dúbidas, exercicios prácticos, interaccións con público de organismos sen ánimo de lucro, con compañeiros/as de outros ciclos, cursos, etc.
- Os sistemas e criterios de avaliación que se van aplicar en cada un dos diferentes tipos de exercicios teórico -prácticos a desenvolver de xeito individual e/ou grupal.
- As Actividades Complementarias a Formación propostas para desenvolver o módulo: plantexamento, obxectivos e execución.
- Ferramentas de avaliación que imos aplicar: probas escritas, exercicios prácticos, traballos, exames - exposicións - presentacións - simulacións de casos concretos tanto escritos e/ou orais
- O sistema de recuperación de contidos e destrezas non adquiridos durante cada un dos 2 trimestres e finais.
- O sistema de aplicación das faltas de asistencia e/ou puntualidade.



- A deontoloxía tanto profesional coma das normas do centro.

- Resposta das dúbidas que poidan xurdir.

O desenvolvemento dos contidos do módulo básicamente consiste en planificar exercicios e actividades que serán presentadas e avaliadas dentro do módulo Procesos de Guía, de xeito paralelo con outros módulos do curso, para desenvolver así un produto turístico de forma máis completa e práctica. Tamén podemos traballar en equipo con alumnado de outros cursos e ciclos do centro , inclusive de outros centros.

O alumnado colaborará en actividades que se organizan no centro, sendo estas colaboracións exercicios presentados, supervisados e avaliados no módulo Procesos de Guía.

Un dos aspectos máis importantes para unha avaliación positiva é a mellora continua que o alumnado debe acadar ao longo do curso, xa que un obxectivo fundamental é que cada alumno acade autonomía no traballo e habilidade comunicativa oral e escrita en calquera dos contextos que se lle poden presentar a un Técnico/a de Grao Superior no sector das viaxes, interpretación do patrimonio, asistencia e información aos viaxeiros, visitas guiadas, en definitiva coma profesionais de persoal de contacto no sector do turismo.